

EDADREBIL. 7 CONTOS E 1 ESPELLO

Texto MIQUEL OBIOLS

Ilustración MIGUEL CALATAYUD

Tradución ALBERTO SOTELO

Cartoné. 15 x 23,5 cm. 118 pág. 16,00 €

Edadrebil. 7 contos e 1 espello (galego)
ISBN 978-84-1343-143-7. Colección Sete leguas.

Datrebil. 7 cuentos y 1 espejo (castellano)
ISBN 978-84-1343-144-4. Colección Sete leguas.

Tatrebill. En contes uns (català)
ISBN 978-84-18558-34-4. Col·lecció Set llegendes.

–Sooooooooo o hooooooooome do saaaaacoooo!! Eiiii!!

Hai algún neno ou nena para levar?!

Vai frío. A chuva e o vento deixaron as rúas baleiras.

A voz de Pepe soa un pouco estragada. Xa non pode dar os berros que daba antes, cando tiña tanta potencia que sacudía os balcóns das casas.

Publicado orixinalmente en 1980, “Edadrebil. 7 contos e 1 espello”


é un canto á liberdade creativa e unha excelente maneira

de iniciarse nunha literatura que se le e se xoga.

Sete viaxes a través da fantasía que convidan á participación e estimulan a imaxinación e a intelixencia de lectoras e lectores.

Un can que se namora da lúa e non sabe ladrar, un home do saco sen nenos a quen asustar e unha familia que viaxa por unha autoestrada do tempo son algúns dos protagonistas destes relatos tan divertidos como transgresores e surrealistas que renovaron a narrativa infantil e xuvenil, e que seguen considerándose insólitos e atraentes hoxe en día. O volume péchase cunha historia que só pode descifrarse grazas ao espello que acompaña o libro.

As sublimes e vangardistas ilustracións de Miguel Calatayud son o complemento ideal, pola súa dimensión simbólica e o seu peculiar xogo xeométrico e cromático, paralelo ao literario. Os lectores deleitaranse con estas ilustracións imprescindibles que son o ramo desta obra, considerada na LIX como unha das 100 mellores do século xx.



■ **Temática:** humor, liberdade, sociedade, surrealismo, imaxinación, xogo, escrita creativa.

■ **Idade recomendada:** a partir dos 9 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de “Libro das M’Alicias” e de “Aí, Filomena, Filomena! e outros contos”.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/edadrebil-g>

Miquel Obiols

(Roda de Ter, 1945)

Licenciado en Filoloxía Hispánica, exerceu a docencia durante máis dunha década. Dende o seu primeiro libro infantil, “Aí, Filomena, Filomena!” (1977), compaxinou a literatura coa televisión (El planeta imaginario, Juego de niños, etc.). Recibiu, entre outros, o Premio da Generalitat de Catalunya, o Premio da Crítica na Feira de Boloña, o Premio Ondas Internacional e a Medalla de Bronce no Festival de Nova York. Entre os seus libros, que foron traducidos a varios idiomas, destacan “O cadro máis bonito do mundo” e “Libro das M’Alicias”, editados por KALANDRAKA.

Miguel Calatayud

(Aspe, 1942)

Debuxante, deseñador e ilustrador. Obtivo os premios máis prestixiosos, como o Lazarillo de Ilustración (1974) e o Premio Nacional de Ilustración en tres ocasións. No ano 2000 foi candidato ao Hans Christian Andersen. Foi comisario das exposicións ‘Animales en su tinta’ e ‘Originales para cinco rondallas’ do Salón do Libro Infantil Cidade de Alicante. É autor do libro “Al pie de la letra”, ilustrador do “Libro das M’Alicias”, “Kembo” (Lista de Honra IBBY 2012) e protagonista das retrospectivas “Miguel Calatayud: ilustraciones 1970-2010” e “Miguel Calatayud. Constancia de imágenes y pesquisas”, publicados por KALANDRAKA.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com